
REGULAMENTO XERAL



ÍNDICE

- DISPOSICIÓNS XERAIS
- PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN
- DESENVOLVEMENTO DA PROBA
- SEGURIDADE E NORMAS DE CONDUCTA
- ASPECTOS LEGAIS
- DISPOSICIÓNS FINAIS
- ANEXO I
  REGULAMENTO DAS CARREIRAS DE MENORES
- ANEXO II
  REGULAMENTO DA CARREIRA INCLUSIVA



DISPOSICIÓNS XERAIS


Artigo 1. Obxecto e ámbito

A presente normativa ten por obxecto regular a XLIX Carreira Pedestre Popular do San Martiño, que se celebrará o día 8 de novembro de 2026 na cidade de Ourense.

A proba absoluta disputarase sobre unha distancia de 10 quilómetros, nun percorrido homologado pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA), e terá carácter popular e federado.

A proba de 10 quilómetros está incluída no Calendario RFEA 2026 coa categoría Internacional Nivel II, quedando sometida aos requisitos establecidos pola normativa da Real Federación Española de Atletismo para as competicións desta categoría.

Esta cualificación afecta exclusivamente á proba de 10 quilómetros. As carreiras de menores e a carreira inclusiva terán carácter complementario e rexeranse polos seus respectivos anexos, sen formar parte da competición Internacional Nivel II.



Artigo 2. Organización

A XLIX Carreira Pedestre Popular do San Martiño está organizada polo Consello Municipal de Deportes do Concello de Ourense, coa colaboración da Federación Galega de Atletismo.

O control técnico da proba de 10 quilómetros corresponderá á delegación e ao xurado designados pola Real Federación Española de Atletismo, de acordo co disposto no seu Regulamento de Competicións.

Artigo 3. Normativa aplicable

A proba de 10 quilómetros rexerase polo presente regulamento e, no non previsto nel, polo Regulamento de Competicións da Real Federación Española de Atletismo (RFEA), polas normas técnicas e demais disposicións da RFEA que resulten de aplicación e polo Regulamento de Competición e Técnico de World Athletics vixente na data de celebración da proba.

As carreiras de menores e a carreira inclusiva rexeranse polos seus respectivos anexos e pola normativa que lles resulte aplicable.



PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Artigo 4. Participación

4.1 Participación xeral

Poderán participar na XLIX Carreira Pedestre Popular do San Martiño todas as persoas nacidas no ano 2008 e anteriores, tanto con licenza federativa en vigor como sen ela, sempre que realicen correctamente a súa inscrición e acepten o presente regulamento.



4.2 Participación de atletas doutras federacións autonómicas e estranxeiros/as

A participación de atletas estranxeiros axustarase ao establecido pola RFEA para as competicións de categoría Internacional Nivel II.

Na proba de 10 quilómetros poderán estar representadas un máximo de tres federacións afiliadas a World Athletics e poderá participar un máximo de cinco atletas estranxeiros sen licenza RFEA cunha marca igual ou superior a 1.000 puntos World Athletics, obtida na tempada en curso ou nas dúas anteriores.

Para estes límites teranse en conta as categorías Máster, Sénior, Sub23 e Sub20.

Os atletas pertencentes a federacións estranxeiras deberán cumprir os requisitos e autorizacións establecidos pola normativa RFEA e World Athletics.

Os atletas que, coñecendo a súa imposibilidade para participar, faciliten datos incorrectos ou incompletos para poder facelo serán descualificados.

Artigo 5. Inscricións

As inscricións realizaranse a través da páxina web carreirasgalegas.com, facendo constar correctamente todos os datos requiridos no procedemento.

5.1 Prazo de inscrición

O prazo de inscrición permanecerá aberto desde a data de publicación oficial por parte da organización **ata o día 1 de novembro de 2026**, incluído.

Baixo ningún concepto se admitirá a inscrición de corredores/as fóra deste prazo.

Para optar á recollida anticipada do dorsal - chip e da camiseta conmemorativa, será necesario formalizar a inscrición antes do 21 de outubro de 2026, podendo realizar a recollida nos puntos físicos que para tal fin determine e anuncie a organización.

5.2 Cotas de inscrición

As cotas de inscrición establécense do seguinte xeito:

- Do inicio das inscricións ata o 21 de outubro de 2026: 5 €
- Do 22 de outubro ao 1 de novembro de 2026: 7 €

Unha vez realizada a inscrición, non se procederá á devolución do importe abonado baixo ningún concepto.

5.3 Doazón solidaria

Os/as participantes que o desexen poderán facer unha doazón económica en favor dunha causa solidaria a través da pasarela de inscrición, indicando o importe que desexan doar.

O importe recadado doarase en favor dunha causa solidaria elixida de xeito motivado polos membros do Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes, que dará a publicidade a través das súas redes da campaña na que colabora e efectuará un acto público de entrega da doazón.

5.4 Dorsal 0

Aquelas persoas que non participen na proba poderán facer unha doazón económica en favor dunha causa solidaria a través da pasarela de inscrición a través do Dorsal 0, indicando o importe que desexan doar.

O importe recadado doarase en favor dunha causa solidaria elixida de xeito motivado polos membros do Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes, que dará a publicidade a través das súas redes da campaña na que colabora e efectuará un acto público de entrega da doazón.

5.5 Corrección de erros

A corrección de erros poderase facer durante o período de inscrición a través do correo-e info@carreirasgalegas.com

A corrección de erros unha vez pechado o prazo de inscrición, poderase realizar o venres 6 de novembro de 16:00h a 20:00h, e o sábado 7 de novembro de 10:00h a 14:00h e de 16:00h a 20:00h, no momento de entrega e recollida de dorsais – chips.

A organización non se fai responsable das consecuencias que deriven dunha inscrición defectuosa e/ou errónea por parte do/a corredor/a ou persoa na que delegue.

5.6 Recollida de dorsais - chips

A recollida de dorsais - chips e camisetas realizarase no Pavillón Municipal de Os Remedios nas seguintes datas e horarios:

- Venres, 6 de novembro: de 16:00h. a 20:00h.
- Sábado, 7 de novembro: de 10:00h. a 14:00h. e de 16:00h a 20:00h.

Non se entregarán dorsais o día da carreira.

5.7 Recollida anticipada de dorsais - chips

Habilítase a recollida anticipada de dorsais – chips para aquelas persoas que o desexen sempre que realicen a súa inscrición antes do 21 de outubro de 2026.

A recollida anticipada terá un custe de 2 €

A recollida anticipada realizarase os días 30 e 31 de outubro de 2026 nos puntos acordados que se anunciarán debidamente.

Artigo 6. Servizos ás persoas participantes

A organización poñerá á disposición das persoas participantes os seguintes servizos:

- **Aparcadoiro**: gratuíto durante todo o día no Centro Comercial Pontevella, Avenida Ribeira Sacra, 50, 32003 Ourense
- **Taquillas**: no Pavillón Municipal de Os Remedios (é necesario levar un candado)
- **Servizo de gardarroupa**: situado no Anexo do Pavillón Municipal de Os Remedios. A organización non se fará responsable dos posibles danos ou perdas.
- **Servizo de duchas**: dispoñible ao remate da carreira nos vestiarios do Pavillón Municipal de Os Remedios.

DESENVOLVEMENTO DA PROBA

Artigo 7. Percorrido

7.1 Saída e Meta

A XLIX Carreira Pedestre Popular do San Martiño disputarase sobre unha distancia de 10 quilómetros, en percorrido homologado pola Real Federación Española de Atletismo (RFEA).

A saída terá lugar ás 11:00 na Ponte do Milenio, situándose a meta na Rúa do Progreso Praza de Concepción Arenal.

7.2 Caixóns de saída

Estableceranse varios caixóns, sinalizados por cores, en función da marca acreditada na distancia de 10 quilómetros realizada na tempada 2025 ou 2026.

Caixón negro: para os/as atletas que teñan unha marca inferior a 35 minutos (homes) e 40 minutos (mulleres), debidamente acreditados na pasarela de inscrición.

Caixón vermello: para os/as atletas que teñan unha marca entre 35 e 40 minutos (homes) e entre 40 e 45 minutos (mulleres), debidamente acreditados na pasarela de inscrición.

Caixón amarelo: para os/as atletas que teñan unha marca entre 40 e 45 minutos (homes) e entre 45 e 50 minutos (mulleres), debidamente acreditados na pasarela de inscrición.



Caixón verde: Popular.

Os/as participantes deberán situarse no caixón correspondente 15 minutos antes do comezo da proba, atendendo en todo momento ás indicacións da Organización.

7.3 Percorrido

O circuíto desenvolverase polas seguintes rúas e prazas da cidade de Ourense:

Ponte do Milenio - Rúa Xesús Pousa - Avenida de Marín - Avenida Otero Pedraio - (2ª Glorieta C536) - Avenida Otero Pedraio - Avenida Alfonso Rodríguez Castelao - Rúa Cardeal Quevedo - Avenida da Habana - Rúa Curros Enríquez - Rúa do Paseo - Rúa Lamas Carvajal - Praza Maior - Rúa Bispo Carrascosa - Rúa Moratín - Rúa Colón - Rúa Padre Feijóo - Rúa Lugo - Rúa Ben Cho Shey - Rúa Galicia - Rúa Ramón Puga - Rúa Nosa Señora da Saínza - Avenida de Zamora - Rúa do Cumial - Avenida de Zamora - Rúa do Progreso - Praza Concepción Arenal.

O percorrido estará debidamente sinalizado e controlado, contará con puntos de cronometraxe intermedios e disporá de polo menos un posto de avituallamento líquido durante a proba, ademais do habilitado na zona de meta.

Artigo 8. Cronometraxe e controis

A proba contará cun sistema de cronometraxe electrónica mediante chip integrado no dorsal, sendo obrigatorio o seu uso correcto para a validación dos tempos e clasificacións.

Ao longo do percorrido, a organización establecerá controis de paso obrigatorios, quedando fixados os seguintes prazos de peche:

Control 1 – Saída: peche aos 5 minutos da saída oficial.

Control 2 – Km. 5: peche ás 11:45 horas.

Control 3 – Km. 8: peche ás 12:10 horas.

Control 4 – Chegada: peche ás 12:30 horas.

Toda persoa participante que non pase polos controis establecidos ou que exceda os tempos límite quedará automaticamente descualificada, non figurando na clasificación oficial.

Artigo 9. Categorías

Establécense categorías diferenciadas para mulleres e homes, con clasificacións independentes, segundo os anos de nacemento que se indican a continuación:

- **Sub20**: nados/as en 2007 e 2008.
- **Sub23**: nados/as en 2004, 2005 e 2006.
- **Sénior**: nados/as desde 2003 ata a idade correspondente á categoría Máster.
- **Máster 35**: de 35 a 39 anos cumpridos o día da proba.
- **Máster 40**: de 40 a 44 anos cumpridos o día da proba.
- **Máster 45**: de 45 a 49 anos cumpridos o día da proba.
- **Máster 50**: de 50 a 54 anos cumpridos o día da proba.
- **Máster 55**: de 55 a 59 anos cumpridos o día da proba.
- **Máster 60**: de 60 a 64 anos cumpridos o día da proba.
- **Máster 65**: de 65 a 69 anos, cumpridos o día da proba.
- **Máster 70**: de 70 anos en diante, cumpridos o día da proba.

Artigo 10 – Premios

10.1 Premios absolutos

Trofeos para os/as tres primeiros/as clasificados/as da clasificación absoluta masculina e feminina.

Ademais dos trofeos, establécense os seguintes premios económicos:

POSTO	HOMES		MULLERES	
	MARCA < 29'	MARCA ≥ 29'	MARCA < 32'	MARCA ≥ 32'
1º	4.000 €	2.000 €	4.000 €	2.000 €
2º	3.000 €	1.500 €	3.000 €	1.500 €
3º	2.000 €	1.000 €	2.000 €	1.000 €

10.2 Premios locais

Trofeos para os/as tres primeiros/as clasificados/as da clasificación local masculina e feminina.
Ademais dos trofeos, establécense os seguintes premios económicos:

- **1º posto: 600 €**
- **2º posto: 400 €**
- **3º posto: 200 €**

Para optar ao premio local será requisito imprescindible ter nacionalidade española e estar nado/a ou empadroado/a no Concello de Ourense.

10.3 Premios por categorías

Trofeo para o/a primeiro/a clasificado/a de cada categoría establecida no artigo 9.

Camiseta conmemorativa para todas as persoas participantes, ata esgotar existencias.

10.4 Premios récords

Récord do percorrido: premio de **1.000 €** tanto en categoría masculina como feminina, sempre que se melloren as seguintes marcas:

- Homes: tempo inferior a 28'42"
- Mulleres: tempo inferior a 30'23"

10.5 Premios especiais

Premio especial Caixabank: premio de 300 € ao primeiro home e á primeira muller en pasar polo control do quilómetro 5, coa condición de finalizar a carreira e aparecer na clasificación oficial.

10.6 Condicións xerais

Os premios non son acumulables, agás os premios especiais.

Todos os premios económicos suxeitos ás retencións fiscais que correspondan conforme á normativa vixente.

A entrega de trofeos terá lugar ás 13:00 horas na Cancha Central do Pavillón Municipal de Os Remedios.

Para o cobro dos premios económicos, as persoas premiadas deberán presentar a documentación que lles sexa requirida pola organización.

É de obrigado cumprimento a asistencia á Cerimonia de **Premiacións** para percibir tanto os trofeos como os premios económicos.

SEGURIDADE E NORMAS DE CONDUCTA


Artigo 11. Seguridade e asistencia

- A organización disporá dun dispositivo médico - sanitario e de primeiros auxilios durante toda a proba, tanto no percorrido como na zona de saída e meta, coa presenza de ambulancias e persoal cualificado.
- Contarase coa colaboración das forzas e corpos de seguridade, voluntariado e servizos municipais, que garantirán a seguridade viaria e o correcto desenvolvemento da carreira.
- Calquera participante que precise asistencia poderá solicitala ao persoal da organización, quedando facultados os servizos médicos oficiais da proba para retirar da competición a calquera persoa que, ao seu criterio, non se atope en condicións físicas para continuar.
- A organización subscribe un seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes deportivos para todas as persoas participantes, conforme á normativa vixente.
- Recoméndase a todas as persoas participantes realizar recoñecementos médicos previos e, en todo caso, tomar parte na carreira baixo a súa propia responsabilidade.

Artigo 12. Control Antidopaxe

A proba de 10 quilómetros, pola súa inclusión no Calendario RFEA coa categoría Internacional Nivel II, estará sometida a control antidopaxe conforme á normativa vixente.

As persoas participantes estarán obrigadas a someterse aos controis que lles sexan requiridos de acordo coa normativa da Real Federación Española de Atletismo e coa lexislación antidopaxe aplicable.



Artigo 13. Obrigas das persoas participantes

Todas as persoas participantes deberán cumprir as seguintes obrigas:

- Levar o dorsal con chip facilitado pola organización, colocado en lugar visible na parte dianteira da camiseta, sen manipulalo nin dobralo. O dorsal é persoal e intransferible
- Realizar o percorrido oficial completo, pasando polos controis establecidos, sen atallos nin desviacións.
- Seguir en todo momento as instrucións da organización, xuíces e autoridades competentes.
- Non recibir axuda externa nin participar acompañados/as de vehículos, bicicletas, patíns ou calquera outro medio alleo á carreira.
- Non está permitido participar con animais domésticos nin con carriños de bebés ou similares.
- Manter unha conduta deportiva correcta e respectuosa, así como coidar o entorno urbano polo que discorre a carreira.
- Participar unicamente se se atopan en condicións físicas adecuadas para realizar a proba, facéndoo baixo a súa propia responsabilidade.

Artigo 14. Descualificacións

Serán causas de descualificación inmediata:

- Non levar o dorsal con chip oficial ou manipulalo.
- Participar co dorsal doutra persoa, ceder o dorsal ou falsear a identidade.
- Non realizar o percorrido completo ou non pasar polos controis establecidos.
- Superar os tempos límite fixados nos controis de paso ou na meta.
- Non atender ás instrucións da organización, xuíces ou forzas de seguridade.
- Mostrar unha conduta antideportiva, irrespectuosa ou perigosa para si mesmo/a ou para outras persoas participantes.
- Recibir axuda externa non autorizada, incluída a asistencia de vehículos, bicicletas ou acompañantes.
- Utilizar calquera tipo de medio de transporte durante a carreira.
- Participar con animais, carriños ou outros elementos alleos á proba.
- As persoas descualificadas non figurarán na clasificación oficial nin terán dereito a premios ou trofeos.

ASPECTOS LEGAIS

Artigo 15. Dereitos de imaxe

Coa realización da inscrición, toda persoa participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que poderá utilizar as fotografías, gravacións e calquera outra reprodución audiovisual da carreira nas que apareza individualmente ou en grupo.

Estas imaxes poderán empregarse en clasificacións, medios de comunicación, internet e materiais de promoción do evento, sen dereito a contraprestación económica algunha e sempre de acordo coa normativa vixente.

Artigo 16. Protección de datos

Os datos facilitados no proceso de inscrición serán tratados pola organización coa finalidade de xestionar a participación na proba, elaborar clasificacións, xestionar seguros e difundir resultados.

Mediante a inscrición, o/a corredor/a consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos á compañía aseguradora para a tramitación dos seguros obrigatorios de accidentes deportivos e de responsabilidade civil.



As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo, Praza Agustín Díaz s/n, 15008 A Coruña.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Artigo 17. Aceptación do regulamento

A inscrición na XLIX Carreira Pedestre Popular do San Martiño implica a plena aceptación do presente regulamento, así como das decisións que, en caso de dúbida ou situación non prevista, adopte a organización.

Artigo 18. Disposición final

A organización poderá modificar o presente regulamento, así como alterar horarios ou percorridos, aprazar ou suspender a carreira cando existan causas xustificadas.

Así mesmo, resérvase o dereito de convidar a atletas concretos/as, mulleres ou homes, cuxas marcas ou traxectoria deportiva contribúan a aumentar a calidade da proba.



ANEXO I
REGULAMENTO DAS CARREIRAS DE MENORES

Artigo 1. Obxecto e ámbito

O presente anexo complementa o regulamento xeral da XLIX Carreira Pedestre Popular do San Martiño e regula as probas destinadas ás categorías de menores, que participen de forma individual ou a través dos centros escolares. As probas de menores desenvolveranse en circuítos urbanos adaptados á idade das persoas participantes.

As carreiras de menores rexéranse por este anexo e, no non previsto, polo regulamento xeral da proba.

En caso de contradición entre este anexo e o regulamento xeral, prevalecerá o disposto neste anexo para as carreiras de menores.



As carreiras de menores están incluídas no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo (FGA)

Artigo 2. Categorías

As carreiras de menores disputaranse con clasificacións diferenciadas para mulleres e homes, estableceéndose as seguintes categorías segundo ano de nacemento:

- **Sub18**: nados/as en 2009 e 2010.
- **Sub16**: nados/as en 2011 e 2012.
- **Sub14**: nados/as en 2013 e 2014.
- **Sub12**: nados/as en 2015 e 2016.
- **Sub10**: nados/as en 2017 e 2018.

Artigo 3. Distancias e percorridos

3.1 Distancia e percorrido categorías Sub18 – Sub16 – Sub14

As categorías Sub18, Sub16 e Sub14 disputarán a súa carreira nun percorrido urbano adaptado á súa idade, con saída na Ponte do Milenio, situándose a meta na Rúa do Progreso Praza de Concepción Arenal, cunha distancia aproximada de **5 quilómetros** polas seguintes rúas da cidade:

Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. de Santiago, Francisca Herrera, Vicente Risco, Ponte Nova, Curros Enríquez, Paseo, Lamas Carvajal, Praza Maior, Bispo Carrascosa, Colón, Padre Feijóo, Lugo, Xosé Ramón Fernández Oxea "Ben Cho Shey", A Coruña, Progreso, Progreso - Praza Concepción Arenal

3.2 Distancia e percorrido categorías Sub12 – Sub10

As categorías Sub12 e Sub10 disputarán a súa carreira nun percorrido urbano adaptado á súa idade, con saída na Ponte do Milenio e a meta na Ponte Romana, cunha distancia aproximada de **1,1 quilómetros** polas seguintes rúas da cidade:

Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. das Caldas, Ponte Romana

Artigo 4. Horarios de saída

Os horarios de saída das diferentes categorías serán os seguintes:

Categoría	Ano de nacemento	Hora de saída
Sub18	2009 - 2010	12:10 h
Sub16	2011 - 2012	
Sub14	2013 - 2014	
Sub12	2015 - 2016	13:00 h
Sub10	2017 - 2018	

Artigo 5. Inscricións

5.1 Procedemento de inscrición

A inscrición para as carreiras de menores será gratuíta e realizarase preferentemente a través dos colexios.

De xeito individual, os/as corredores/as tamén poderán inscribirse directamente na web carreirasgalegas.com

O prazo de inscrición establécese do seguinte xeito:

- **Colexios**: desde a data na que a organización publique oficialmente a apertura de inscricións **ata o 19 de outubro de 2026**. Non se admitirán inscricións fóra deste prazo baixo ningún concepto.
- **Individual**: desde a apertura oficial das inscricións por parte da organización **ata o 1 de novembro de 2026**.

No caso de duplicidade de inscrición (a través do colexio e de forma individual), priorizarase a inscrición realizada polo colexio.

Só puntúan para a clasificación escolar os inscritos a través do centro

5.2 Recollida de dorsais e chips

O/a delegado/a do colexio, necesariamente unha persoa adulta, será a encargada de entregar os dorsais - chips e as camisetas e agasallos aos/ás alumnos/as que se inscribiran a través do centro educativo e puntuarán na clasificación por colexios.

Aqueles/as que o fixeran de xeito individual recollerán dorsal - chip e a camiseta conmemorativa o venres día 6 de novembro de 16:00h. a 20:00h. e o sábado día 7 de novembro de 10:00h. a 14:00h. e de 16:00h a 20:00h no Pavillón Municipal de Os Remedios.

Non se entregarán dorsais o día da carreira.

5.3 Recollida anticipada de dorsais - chips

Habilítase a recollida anticipada de dorsais – chips exclusivamente para aquelas persoas que se inscriban individualmente e que o desexen sempre que realicen a súa inscrición antes do 21 de outubro de 2026.

A recollida anticipada terá un custe de 2 €.

A recollida anticipada realizarase os días 30 e 31 de outubro de 2026 nos puntos acordados que se anunciarán debidamente.

Artigo 6. Premios e detalle por participación

6.1 Clasificación individual

Estableceranse clasificacións individuais por categorías, tanto en homes como en mulleres.

Concederase un trofeo aos/ás tres primeiros/as atletas de cada categoría.

Os participantes das categorías Sub18 – Sub16 – Sub14 recibirán unha camiseta conmemorativa, ata esgotar existencias.

Os participantes das categorías Sub12 – Sub10 recibirán agasallo, ata esgotar existencias.

6.2 Clasificación por colexios

Concederase un premio en material deportivo por valor de 120 € a todos os colexios que acaden un mínimo de 25 deportistas clasificados/as.

Ademais, os 6 primeiros colexios clasificados de Primaria e os 6 primeiros colexios clasificados de Secundaria e Bacharelato recibirán premios en material deportivo, co seguinte baremo:

- 1º posto: 300 €
- 2º posto: 250 €
- 3º posto: 200 €
- 4º posto: 150 €
- 5º posto: 120 €
- 6º posto: 100 €

Artigo 7. Normas de participación

- Todas as persoas participantes deberán levar o dorsal facilitado pola organización, colocado en lugar visible na parte dianteira da camiseta, sen manipulalo nin dobralo.
- As persoas menores tomarán parte na carreira baixo a responsabilidade do pai/nai ou titor/a legal, que autorizará expresamente a súa participación no proceso de inscrición.
- Non se permite acompañar ás persoas participantes dentro do percorrido, salvo que a organización dispoña outra cousa para categorías concretas.
- Será obrigatorio seguir o percorrido oficial e pasar polos controis establecidos, respectando en todo momento as indicacións do persoal da organización.

- Calquera conduta antideportiva, irrespectuosa ou que supoña un risco para si mesmo/a ou para outras persoas participantes poderá supor a descualificación inmediata.

Artigo 8. Aceptación do regulamento

A participación nas carreiras de menores da XLIX Carreira Pedestre Popular do San Martiño implica a plena aceptación deste regulamento específico, así como do regulamento xeral da proba e das decisións que, en caso de dúbida ou situación non prevista, adopte a organización.

ANEXO II
REGULAMENTO DA CARREIRA INCLUSIVA

Artigo 1. Obxecto e ámbito

O presente anexo complementa o regulamento xeral da XLIX Carreira Pedestre Popular do San Martiño e regula a carreira inclusiva, unha proba aberta a persoas de todas as idades, con ou sen diversidade funcional. A carreira inclusiva terá carácter participativo e non competitivo, co obxectivo de fomentar a integración, a convivencia e o deporte como experiencia común.

En caso de contradición entre este anexo e o regulamento xeral, prevalecerá o disposto neste anexo para a carreira inclusiva.

A carreira inclusiva está incluída no calendario oficial da Federación Galega de Atletismo (FGA) como actividade de promoción.

Artigo 2. Distancia e percorrido

A carreira inclusiva disputarase sobre un percorrido urbano reducido e accesible, con saída na Ponte do Milenio e a meta na Ponte Romana, cunha distancia aproximada de 1,1 quilómetros polas seguintes rúas da cidade:

Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. das Caldas, Ponte Romana.



Artigo 3. Horario de saída

A Carreira Inclusiva dará comezo ás 13.20 h.

Artigo 4. Inscricións

4.1 Procedemento de inscrición

A inscrición será gratuíta e farase en carreirasgalegas.com
As persoas con diversidade funcional deberán reflexalo na inscrición.
As persoas acompañantes deberán reflexalo na inscrición.

Prazo de inscrición :

- Desde o día que o publicite a organización ata o 1 de novembro de 2026.

4.2 Recollida de dorsais

A recollida de dorsais realizarase o venres día 6 de novembro de 16:00h. a 20:00h. e o sábado día 7 de novembro de 10:00h. a 14:00h. e de 16:00h a 20:00h no Pavillón Municipal de Os Remedios

Non se entregarán dorsais o día da carreira.

4.3 Recollida anticipada de dorsais

Habilítase a recollida anticipada de dorsais para aquelas persoas que o desexen sempre que realicen a súa inscrición antes do 21 de outubro de 2026.

A recollida anticipada terá un custe de 2 €

A recollida anticipada realizarase os días 30 e 31 de outubro de 2026 nos puntos acordados que se anunciarán debidamente.

Artigo 5. Detalle por participación

Todas as persoas participantes recibirán un detalle, ata esgotar existencias, como recordo da súa participación.

Artigo 6. Normas de participación

- Poderá participar na carreira inclusiva calquera persoa inscrita previamente, sen límite de idade e independentemente da súa condición física ou da existencia de diversidade funcional.
- Permitirase a participación con cadeiras de rodas, andadores, carriños infantís ou outros elementos de apoio á mobilidade, sempre que non supoñan un risco para a seguridade das demais persoas participantes.

- As persoas que precisen apoio poderán ir acompañadas por familiares, amizades ou persoas voluntarias, sempre que estes acompañantes estean tamén formalmente inscritos.
- Todas as persoas participantes deberán levar o dorsal oficial da carreira, colocado en lugar visible, e respectar as indicacións da organización.

Artigo 7. Aceptación do regulamento

A inscrición na carreira inclusiva da XLIX Carreira Pedestre Popular do San Martiño implica a plena aceptación deste regulamento específico, así como do regulamento xeral da proba e das decisións que, en caso de dúbida ou situación non prevista, adopte a organización.

SAN MARTIÑO 2026 OURENSE

8 NOVEMBRO

Consello Municipal de Deportes · Ourense ·

Concello de OURENSE

CaixaBank

ecoauriense
servizo de limpeza e recollida de lixo

VEOLIA

PÉREZ RUMBAO

GADIS

POWERADE Coca-Cola

chc energía
Tu luz y gas de confianza

PILAR CASTAÑO
CORREDURIA DE SEGUROS

Vehículos Comerciales
Apersa